

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de xuño de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día trinta de xuño de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Non asiste SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, que xustificou a súa ausencia. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, durante o debate e votación do punto 7/122 está ausente da devandita sesión.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



Aberto o acto, a Presidencia manifesta que, segundo se aprobou por todos os grupos políticos na Xunta de Portavoces, o Excmo. Concello Pleno efectúa a seguinte Declaración Institucional:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A ADOPCIÓN DE ACCIÓNS PARA A LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO NO CONCELLO DE LUGO.

Na Unión Europea, trala adopción en 2008 do Paquete de medidas da UE sobre o clima e a enerxía ata 2020, lanzouse o Pacto dos Alcaldes para apoiar os esforzos desenvolto polas autoridades locais en aplicación das políticas de enerxía sostible.

O **Pacto dos Alcaldes** é un movemento único dende a base, que conseguiu mobilizar a un gran número de autoridades locais e rexionais, para desenvolver plans de acción e orientar as inversións cara a atenuación dos efectos do cambio climático. É unha iniciativa que constitúe outro mecanismo institucional de participación directa da cidadanía na loita contra o Quecemento Global.

Este Pacto consiste no compromiso das cidades e pobos que se adhiran, para conseguir os obxectivos de redución das emisións de CO₂, mediante actuacións de eficiencia enerxética e de utilización das fontes de enerxía renovable.

O desafío da crise climática soamente se pode abordar cun proxecto global integrado, pero baseado na participación da cidadanía.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a cal se invitaba ás cidades a asumir os compromisos políticos e tomar as medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

De feito, en outubro de 2014 o Consello Europeo publicou o Marco de política enerxética e climática 2030, cos seguintes obxectivos:

- Reducir como mínimo nun 40% as emisións de GEI, respecto aos niveles de 1990;
- Aumentar a contribución mínima das enerxías renovables ata o 27% sobre o total do consumo enerxético;
- Aumentar a contribución mínima da eficiencia enerxética ata o 27%, cifra que se revisará en 2020 para unha posible subida ao 30%;
- Reformar o Comercio Europeo de Dereitos de Emisión para o ano 2021.

A resposta dende a escala local a estes novos obxectivos é o Novo Pacto de Alcaldes e Alcaldesas, creado a finais de outubro de 2015, que fusiona ambas iniciativas, e denominado **“Novo Pacto de Alcaldes Integrado polo clima e a enerxía”**, mediante o cal se asumiron os obxectivos da Unión Europea para 2030, ademais de adoptar un enfoque integral de atenuación do cambio climático e de adaptación a este. Neste marco as autoridades locais comprometeranse a reducir para 2030 as emisións baixo a súa xurisdición en polo menos un 40%, a través de programas de eficiencia enerxética e enerxías renovables.

Así mesmo, os asinantes comprometeranse a aumentar a resiliencia das cidades fronte ao cambio climático, e a mellorar o intercambio de información e experiencias entre autoridades locais.

Non hai acción pequena, todas valen, e son moitas as que se poden facer dende as institucións, as empresas, os centros escolares e as organizacións para loitar contra o Quecemento Global. Cada vez que se recicla, cada vez que se pecha a chave da auga, cada vez que se controla o uso do aire acondicionado ou a calefacción, ou cando se favorece o uso de enerxías renovables ou se consumen produtos locais, ecolóxicos ou de tempada, contribúese a evitar a emisión de CO2 á atmosfera.

Por todo elo, propónse que o Concello de Lugo, desexando ser consecuente coa preocupación global do Quecemento Global, manifeste a vontade de avanzar cara ao establecemento de políticas eficaces para reducir a contaminación que ocasiona o quecemento global, mediante a adopción de programas de aforro e eficiencia enerxética en ámbitos de actuación municipal, ademais da promoción de fontes de enerxías renovables e favorecer no ámbito do municipio a adopción de medidas e accións de redución e adaptación ante o Quecemento Global.

Estas políticas poden contribuír a lograr un municipio exemplar na transición cara un novo modelo enerxético e económico máis respectuoso co noso planeta e a nosa sociedade, ademais de impulsar importantes proxectos e investimentos destinados a xerar emprego e un benestar para a poboación.

*Por todo iso, o Excmo. Concello Pleno declara a súa intención de adherirse á iniciativa "**Pacto de Alcaldes Integrado polo clima e a enerxía**" e levar a cabo as xestións precisas para a formalización do escrito de adhesión, facultando á Alcaldesa para a súa subscripción e asumir os compromisos derivados que del se deriven, incluídos no Commitment Document, como iniciativa e mecanismo de participación da cidadanía na loita contra o quecemento global da Comisión Europea."*

Seguidamente éntrese no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/116 **ACTAS ANTERIORES.**- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas os días 25 de febreiro de 2016 (ORDINARIA), 31 de marzo de 2016 (ORDINARIA), 28 de abril de 2016 (ORDINARIA), 18 de maio de 2016 (EXTRAORDINARIA) e 31 de maio de 2016 (EXTRAORDINARIA), nos seus propios termos.

SEGUNDO.- Aprobar a acta correspondente á sesión ORDINARIA celebrada o día 26 de maio de 2016, coas rectificacións sinaladas pola Vicesecretaría, relativas ao acordo 16/107, que deberá quedar transcrito na referida acta do seguinte xeito:

"16/107 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 160/2016 DE REXISTRO DE PLENO, CARA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA, AO MINISTERIO DE FOMENTO E A ADIF A QUE DEAN UN TRATO IGUALITARIO Á CIDADANÍA DE LUGO E IMPULSEN A



CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL.- Vista a referida proposición cuxa elevación ao Pleno foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Permanente Ordinaria de Desenvolvemento Económico, Protección da Comunidade e Concello e Cidadanía, celebrada o día 23 de maio de 2016, e que é do seguinte teor:

“Un dos principios básicos polos que han de velar os poderes públicos é a igualdade entre os distintos territorios, principio que se está a incumprir constantemente por parte das administracións do Estado e do Goberno de Galicia. Concretamente, nos últimos anos, deixáronse de executar en torno ao 58% do orzamento asignado para o AVE galego.

Isto vén a amosar como o Goberno do Estado do Partido Popular discrimina a Galicia a respecto do resto do territorio español.

O mesmo acontece dentro da Comunidade Autónoma con Lugo. Nas últimas datas, por parte da Xunta de Galicia, anúncianse as licitacións dos proxectos de execución das estacións intermodais de Santiago, A Coruña e Ourense, sen que na de Lugo se teña a máis mínima noticia. Coma sempre dende a chegada de Feijoo ao Goberno da Xunta de Galicia, a nosa cidade queda ao marxe dos avances sociais e das infraestruturas.

No mes de agosto 2010 o Concello de Lugo, o Ministerio de Fomento, Adif e a Xunta de Galicia asinaban un protocolo para implantar a estación Intermodal na nosa cidade. Isto faría posible a incorporación de Lugo na rede ferroviaria de alta velocidade, garantindo a mobilidade dos cidadáns e o desenrolo do noso municipio e provincia. Este protocolo foi asinado, por parte da Xunta de Galicia polo Conselleiro de Medio Ambiente, co compromiso de levar a cabo dita infraestrutura, compromiso que, a día de hoxe, atópase totalmente incumplido.

De feito, no verán do 2012 o Ministerio de Fomento do Goberno do Partido Popular decidiu aprazar durante 12 meses a terminación do proxecto, suspendéndoo, ás agochadas, en outubro dese mesmo ano, pagando á empresa a parte executada. Todo isto sen ofrecer nin unha soa explicación, sen informar a ningunha das partes implicadas. Os cidadáns de Lugo non eramos coñecedores de que o Goberno do Estado suspendera a vertebración da nosa cidade co resto do territorio a través do ferrocarril. Amósase ben as claras como este Goberno non ten intención algunha de conectar Lugo coa rede ferroviaria de alta velocidade, só se adica a poñer parches que afondan na idea de que os lucenses, para o Partido Popular, somos cidadáns de segunda.

Somos a capital de provincia peor comunicada de Galicia, temos unha estación de ferrocarril propia do século XIX, a estación de autobuses atópase nun estado lamentable e, namentres, tanto o Ministerio de Fomento coma a Xunta de Galicia din que teremos Intermodal cando haxa un número de viaxeiros que así o aconselle. Así pois, e mentres non cambie esta situación de abandono será practicamente imposible que o pobo de Lugo poida contar con esta tan necesaria infraestrutura, ao menos mentres o Partido Popular ocupe as institucións.



Os orzamentos da Xunta volveron deixar claro o evidente, Lugo vai quedar sen alta velocidade, sen estación intermodal, por iso o Pleno do Concello de Lugo ten que ser quen de esixir á Xunta de Galicia que adecúe unha partida orzamentaria específica para poñer en igualdade de condicións a todos os galegos e galegas, dándolle as mesmas oportunidades cos do resto da Comunidade. Non podemos permitirnollos quedar ao marxe da vertebración co resto do territorio.

Por todo iso, ante a falla de sensibilidade da Xunta de Galicia para cos lucenses, negándolles o principio de igualdade, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Lugo somete a pleno para o seu debate e posterior aprobación a seguinte.

PROPOSICIÓN

Instar á Xunta de Galicia a que retome os trámites necesarios, paralizados sen motivo aparente, para a construción da estación intermodal na cidade de Lugo nas mesmas condicións que o está a facer no resto das grandes cidades da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Vista a emenda “in voce” presentada polo voceiro do Grupo Municipal Popular no sentido de que na parte dispositiva onde pon “Instar á Xunta de Galicia...” se poña “Instar á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento e ADIF...” emenda que é aceptada polo Grupo Municipal Socialista, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, co engadido introducido durante o debate, acadándose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 21, dos seguintes concelleiros adscritos ao Grupo Municipal Socialista (GMS), Popular (GMP), Lugonovo (GMLN), do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas (GMBNG-AA) e Grupo Mixto (GM)::

- Excm. Sra. Alcaldesa Dona Lara Méndez López (GMS).
- Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS).
- Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS)
- Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS).
- Ilma. Sra. Dona Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS).
- Ilmo. Sr. Don Xosé Daniel Piñeiro Villares, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS).



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

- Ilma. Sra. Dona Rosana Rielo Rozas (GMS), Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía.
 - Ilmo. Sr. Don Manuel Núñez López (GMS), Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas.
 - Don Jaime Castiñeira Broz (GMP).
 - Dona Ana María López Pombo (GMP).
 - Dona María Encarnación Amigo Díaz (GMP).
 - Don Antonio Ameijide Osorio (GMP).
 - Dona María del Carmen Penelas Celeiro (GMP).
 - Dona Isabel Devesa Piñeiro (GMP).
 - Don Enrique Ceferino Rozas López (GMP).
 - Don Manuel López Fernández (GMP).
 - Dona María de los Ángeles Teijeiro González (GMP).
 - Don Santiago Celso Fernández Rocha (GMLN).
 - Dona María Cristina Pérez Herráiz (GMLN).
 - Don Ignacio Javier García Gómez (GMLN).
 - Don Rubén Arroxo Fernández (GMBNG-AA).
 - Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón (GMBNG-AA).
 - Don Carlos Anxo Portomeñe Pérez (GM).
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2, dos seguintes concelleiros adscritos ao Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Cidadanía (GMC-PC):
- Dona María Olga Louzao Aldariz (GMC-PC).
 - Don Jesús Expósito López (GMC-PC).

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por vinte e un votos a favor, ningún en contra e dúas abstencións, aproba a proposición do Grupo Municipal Socialista e, en consecuencia, **ACORDA** instar á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Fomento e a ADIF que retome os trámites necesarios, paralizados sen motivo aparente, para a construción da estación intermodal na cidade de Lugo nas mesmas condicións que o está a facer no resto das grandes cidades da Comunidade Autónoma de Galicia.”

A) PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

2/117 **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: MODIFICACIÓN DAS PREVISIÓN INICIAIS DO ORZAMENTO DE INGRESOS 1/2016.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar as previsións iniciais de Ingresos do Orzamento Municipal do Exercicio 2016, para substituír a operación de crédito por importe de 3.331.500 € destinada ó financiamento dos investimentos consignados no estado

de Gastos no Anexo de Investimentos, polos recursos propios que resultan do Remanente de Tesourería dispoñible para gastos xerais do exercicio 2015, do seguinte xeito:

Concepto 91300	Préstamos recibidos ó longo prazo entes fora sector público	Diminución das previsións iniciais de ingresos	(3.331.500 €)	Desestimación Operación endebedamento Orzamento 2016
Concepto 87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	Aumento das previsións iniciais de ingresos	3.331.500 €	Desestimación Operación endebedamento Orzamento 2016

SEGUNDO.- Dispoñer a exposición ó público do expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de posibles reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/1990.

Se transcorrido dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaren reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolve-las.

TERCEIRO.- O resumo por Capítulos do Estado de ingresos do citado expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

3/118 EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2016.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Rectificar parcialmente o acordo relativo ao Recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2016 aprobado en sesión plenaria de data 26/05/2016 ao advertirse un erro material respecto á factura núm. 7 de Uxía Aguiar Ballesteros con NIF 33538823Q en concepto de "*redacción da documentación correspondente aos estudos diagnose das proposta de intervención para a restauración da matrona redactada o 15/06/2013*", de xeito seguinte:

Onde di:

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEDOR	NÚMERO DE FACTURA	APLICACIÓN ORZAM	IMPORTE Orzamentario	IVE DED.
815	33538823Q	UXIA AGUIAR BALLESTEROS	7	15000.22706	1.785	



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

Debe dicir:

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEADOR	NÚMERO DE FACTURA	APLICACIÓN ORZAM	IMPORTE Orzamentario	IVE DED.
815	33538823Q	UXIA AGUIAR BALLESTEROS	7	15000.22706	2.117,50	

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, aprobar o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total esixible de 200.054,77 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias, conceptos, e importes seguintes:

CODIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEADOR	NÚM. FACTURA	FUNCIONAL PARTIDA	EC. PARTIDA	IMPORTE
R27493/14	B27274943	CANALUGO SL	80	15300	61100	13.572,81
R040561/15	B27213164	FERNANDEZ Y LOPEZ REBOBINADOS Y AUTOMATI	O-435	16100	21200	177,13
R53976/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15321180372342	92400	22102	211,68
R53974/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15321180058818	92400	22102	114,19
8982	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE16371078436512	23171	22102	24,39
R30650/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15321171680488	92400	22102	1.234,54
R30649/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15321171683413	92400	22102	984,31
R26554/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R026554/16 AGRUPADOR	23171	22102	1.900,48
R26554/16A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS AUDITORIO	33321	22102	5.295,64
R26554/16B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE12371048474415	23163	22102	270,80
R26554/16C	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE12371048963448	23163	22102	37,26
R26554/16D	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE12371048784338	23163	22102	1.078,58
R26554/16E	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE12371048348720	23163	22102	199,21
R26554/16F	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS P.BOMBEIROS	13600	22102	2.436,71
R26554/16F	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS P.BOMBEIROS	13600	22102	1.891,21
R26554/16F	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS P.BOMBEIROS	13600	22102	367,38
R26554/16G	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS.C.S.O CASTIÑEI	23163	22102	6,72
R26554/16G	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS.C.S.O CASTIÑEI	23163	22102	5,98
R26554/16G	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	3 FRAS.GAS.C.S.O CASTIÑEI	23163	22102	6,64
R26554/16H	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2 FRAS.GAS ANTIGO A.GAND	23185	22102	25,39
R26554/16H	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2 FRAS.GAS ANTIGO A.GAND	23185	22102	56,66
R26554/16I	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2FRAS.GAS.UXIO NOVON.	23165	22102	1.995,86
R26554/16I	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2FRAS.GAS.UXIO NOVON.	23165	22102	2.241,72

CSV: zT3gno04D7cSj0B4DuBLQ==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 8 / 18

DATAS(UTC)

12/07/2016 07:31:01

R26554/16J	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2 FRAS.GAS.C.S.SGDO. CORA	23164	22102	72,13
R26554/16J	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	2 FRAS.GAS.C.S.SGDO. CORA	23164	22102	457,88
R26554/16K	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	4FRAS.GAS C.AT.MULLER	23171	22102	769,53
R26554/16L	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	4FRAS.GARDERIA S.OUTES	32381	22102	2.770,22
R52778/13	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371056676508	13600	22102	403,73
R52778/13A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371056676512	33321	22102	122,59
R52778/13B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371056676515	32381	22102	143,11
R27995/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539932	23171	22102	79,99
R27992/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539936	23171	22102	79,99
R030652/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371072062480	23163	22102	74,39
R030651/15	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371072062469	23163	22102	656,38
7563	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371074750672	23164	22102	67,01
R27992/15A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539928	23171	22102	90,69
R27992/15B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539934	23171	22102	90,69
R27992/15C	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071600723	23171	22102	758,86
R27992/15D	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539929	23171	22102	90,69
R27995/15A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539930	23185	22102	511,59
R27995/15C	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071539933	23163	22102	729,76
R23428A/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428A/16 AGRUPADOR	16510	22100	107.246,94
R23428B/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428B/16 AGUAS	16100	22100	335,66
R23428C/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428C/16 CAMARAS	16510	22100	119,17
R23428D/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428D/16 CEI	93301	22100	156,19
R23428E/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428E/16 DEPENDENCIAS	93301	22100	1.628,69
R23428F/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428F/16 ESCUELAS	32000	22100	376,74
R23428G/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428G/16 EVENTUAL	93301	22100	30,29
R23428J/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428J/16 SEMAFOROS	16510	22100	2.927,39
R23428K/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428K/16 SOCIALES	93301	22100	2.777,87
R23428H/16	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	R23428H/16 DEPORTIVAS	I. 93301	22100	85,81
R27995/15B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE15371071600731	23163	22102	22,49
R22809/13	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	5FRAS.(FE1337105212 1704	23171	22102	2.622,06
R22809/13A	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371051794441	23171	22102	30,20
R22809/13B	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371051794425	23171	22102	169,57
R22809/13C	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371051996563	23171	22102	325,22
R22809/13D	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG SA	FE13371052439172	23171	22102	823,34
R027997/15	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321170086508	32384	22102	1.859,12



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

R27996/15A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321170024129	23167	22102	519,02
R30649/15A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321171680480	92400	22102	815,58
R30650/15A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	E15321171680490	34290	22102	91,34
R53976/15A	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	E15321180058801	92400	22102	52,59
5200	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321180058796	92400	22102	44,84
7072	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321185119018	92400	22102	42,31
R27996/15	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FE15321170024117	23167	22102	1.612,92
11413	A78917465	ILUNION SEGURIDAD SAU	6500457246	24103	22701	7.202,73
11411	A78917465	ILUNION SEGURIDAD SAU	6500457245	24103	22701	7.202,73
R010530/16	B27303254	INTELIGENCIA VISUAL SL	14325	43200	22699	4.764,38
9508	B27303254	INTELIGENCIA VISUAL SL	14326	43200	22699	8.258,25
R054471/15	33319439Y	LOPEZ*REAL MANUEL ANGEL	15/013	45910	22799	1.694,00
R053641/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346528	33000	22699	256,52
R053640/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346527	33000	22699	71,15
R053639/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346526	33000	22699	683,65
R053654/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346838	33000	22699	87,89
R053642/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346529	33000	22699	771,50
R053643/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346530	33000	22699	243,21
R053644/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346531	33000	22699	219,01
R053645/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346532	33000	22699	536,76
R053646/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346533	33000	22699	87,63
R053647/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346534	33000	22699	87,63
R053650/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346835	33000	22699	87,63
R053651/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346836	33000	22699	87,89
R053652/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346837	33000	22699	87,89
R053655/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26346839	33000	22699	87,89
R053668/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26450569	33000	22699	242,00
R053673/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26769896	33000	22699	112,53
R053676/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26774226	33000	22699	55,90
R053674/15	G28029643	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES	26770944	33000	22699	306,13
TOTAL						200.054,77

URBANISMO

4/119 TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO Nº 886/2016, DE DATA DO 22-04-16, ESTIMATORIA DO RECURSO DE CASACIÓN Nº 4053/2014, INTERPOSTO POLA MERCANTIL “HIPÓLITO, S.L.”, CONTRA A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA Nº 750/2014, DE DATA DO 25-09-14, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4257/2012, INTERPOSTO CONTRA A ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (CMATI), DO 29-04-11, SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PLAN

10

CSV: zT3gno04D7cSzj0B4DuBLQ==

SINATURAS

MARÍA GARCÍA FERRO - VICESECRETARIA - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 10 / 18

DATAS(UTC)

12/07/2016 07:31:01

XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM).- O Excmo. Concello Pleno TOMA RAZÓN da sentenza do Tribunal Supremo nº 886/2016, de data do 22 de abril de 2016, estimatoria do recurso de casación nº 4053/2014, en cuxo fallo literalmente se establece:

“Ha lugar al presente recurso de casación número 4053/2014 interpuesto por la representación de HIPÓLITO, S.L. contra la sentencia, de fecha veinticinco de septiembre de dos mil catorce, dictada por la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el recurso número 4257/2012, y casando dicha sentencia, reponemos las actuaciones procesales de la instancia al momento en que se produjo la infracción apreciada, para que se realice la práctica de la prueba pericial interesada y continúe la tramitación del proceso hasta dictar la sentencia que proceda. No se imponen las costas de este recurso.”

TURISMO

5/120 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Turismo do Concello de Lugo, segundo o texto ditaminado favorablemente na Comisión Permanente de Benestar, Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

SEGUNDO.- Someter o presente acordo ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de 30 DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións mediante anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional e, seguidamente, procederase a súa publicación, comunicación e notificación regulamentaria, e deberase, así mesmo, darlle conta ao Pleno.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

6/121 INFORME ANUAL DE SUXESTIÓN E RECLAMACIÓN PRESENTADAS DURANTE O ANO 2015.- Ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do informe anual sobre as suxestións e reclamacións presentadas durante o ano 2015.

Auséntase do Salón de Plenos DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ.

ACTAS E GOBERNO

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

7/122 CREACIÓN DO POSTO DIRECTIVO DE DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Creación dun posto directivo de DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS, adscrito á Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal.

SEGUNDO.- Determinar que o posto directivo de Dirección Xeral de Recursos Humanos terá as competencias sobre a materia de Persoal e as funcións deste posto serán as establecidas no artigo 56 ROMGA concretadas na parte expositiva deste acordo.

TERCEIRO.- Tendo en conta as retribucións fixadas para o Titular da Asesoría Xurídica como órgano directivo, así como as xa no seu día determinadas para os postos de Direccións Xerais, determínase igualmente unha retribucións para este posto directivo de 56.000 euros anuais.

CUARTO.- Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles departamentos, servizos ou unidades administrativas que, por mor das tarefas que teñen asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación ao ámbito material da Dirección Xeral de Recursos Humanos, quedan integrados no citado centro directivo os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

QUINTO.- Creación dunha Comisión de Apoio, integrada polos órganos directivos municipais, isto é, Secretario/a xeral do pleno, titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaría Municipal), Interventor/a xeral, titular do órgano de Xestión Tributaria e titular da Asesoría Xurídica, que baixo a presidencia do titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos, será convocada cando o estime necesario para a toma de decisións relevantes. Así mesmo poderán asistir os técnicos municipais, membros do goberno ou representantes dos empregados municipais se a súa presenza é requirida pola presidencia.

Reincorpórase á sesión DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ

PROPOSICIÓNS

8/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 173/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE VIAXEIROS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar o Goberno Municipal:

- A estudar a posibilidade de establecer a gratuidade do transporte público urbano de viaxeiros para os menores de 18 anos.
- A estudar a posibilidade de establecer, en función do seu nivel de renda, a gratuidade para pensionistas , xubilados e colectivos de mobilidade reducida.

- A estudar a posibilidade de establecer a gratuidade do transporte público urbano para persoas e familias con escasos recursos
- A estudar a posibilidade de crear bonos familiares e de empresas con descontos, así como de bonos de carácter semanal, mensual, etc. con viaxes ilimitadas durante ese período.
- A que se constitúa e convoque de xeito inmediato a Mesa de Traballo para mellorar a reorganización do transporte colectivo urbano de viaxeiros, a cal foi acordada no Pleno ordinario do 25 de febreiro de 2016.

9/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 176/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REGULACIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS A FESTEXOS E EVENTOS.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Incluír, na forma que legal e administrativamente se considere, cláusulas nas convocatorias de axudas nas que se condicione a concesión das mesmas á non utilización da imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou á denigración da súa imaxe.

SEGUNDO.- Que os representantes do goberno municipal non participen naqueles actos ou eventos nos que se utilice a imaxe das mulleres como reclamo ou obxecto decorativo.

TERCEIRO.- Trasladar o presente acordo a outras institucións de ámbito supramunicipal instándooas a que se tomen acordos neste mesmo senso para promover unha actuación coordinada de todas as institucións nesta materia.

10/125 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 179/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN 'DISTRITO ERASMUS' NO CÁSCO HISTÓRICO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Programar un circuíto de visitas guiadas, co fin de que os estudantes estranxeiros se familiaricen con Lugo, descubran o carácter da cidade e das súas xentes, e coñezan a fondo a súa importancia histórica. Este punto de introdución pon as bases para que a súa primeira impresión (que, din, é a que máis conta) facilite a súa mellor adaptación e un profundo coñecemento e aproveitamento das bondades de Lugo.

SEGUNDO.- Deseñar paquetes turísticos específicos para familiares e amigos destes estudantes estranxeiros, en colaboración cos empresarios hosteleiros e as axencias de viaxes locais, establecendo prezos asequibles que



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

multipliquen o número de visitantes e de 'testemuñas' das cualidades da nosa cidade.

TERCEIRO.- Nomeamento de embaixadores de Lugo nas universidades de orixe. O ciclo péchase e é o tempo de sementar. O traballo realizado procura a recolleita de máis froitos, máis estudantes –e máis amigos e familiares destes– que nos visiten en anos vindeiros. Qué mellor campaña publicitaria de Lugo no estranxeiro pode haber que a que poida facer un destes estudantes no seu lugar de orixe. Qué mellor representación dos valores da nosa cidade que o nomeamento dun 'embaixador' oficial de Lugo nas súas centros de procedencia. Qué mellor tarxeta de visita para conectar con todas estas universidades.

11/126 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 186/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MUNICIPALIZACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VIARIA, RECOLLIDA DE RESIDUOS E TRANSPORTE PARA O SEU TRATAMENTO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** dar traslado dos estudos e informes que existan e, de ser o caso, completalos, a fin de coñecer en que estado se atopa a tramitación do expediente e as distintas opcións que dentro da xestión directa sexan máis vantaxosas para o concello, de cara a iniciar, coa maior brevidade, os trámites para executar a municipalización do servizo público de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

12/127 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 188/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE MEDIDAS PARA UN MUNICIPIO LIBRE DE LGTBIFOBIA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Contribuír, nas competencias que lle son propias a este Concello, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade familiar, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGTBfobia no ámbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político.

SEGUNDO.- Incluír a educación na diversidade afectivo-sexual e familiar nos programas de formación que poña en marcha este Concello, tanto para alumnos de centros escolares como para o persoal funcionario ou técnico do municipio.

TERCEIRO.- Impulsar nos centros educativos do municipio a creación e posta en marcha de Titorías de Atención á Diversidade Afectivo-Sexual.

CUARTO.- Que tanto o 17 de maio, día internacional contra a LGTBifobia, como o 28 de xuño, día do Orgullo LGTBI, se ice a bandeira arco iris no Concello da localidade; como símbolo do compromiso pola igualdade real e pola visibilidade do colectivo.

QUINTO.- Retirada inmediata de toda subvención ou axuda económica ás entidades públicas ou privadas (políticas, sociais, relixiosas...) que coas súas actuacións ou declaracións fomenten o odio ou a discriminación cara as persoas LGTBI.

SEXTO.- Condenar a discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (así como do resto de persoas que loitan en defensa dos seus dereitos), e as leis anti LGTBI, que se levan a cabo en calquera lugar do mundo.

SÉTIMO.- Poñer en marcha todos os mecanismos posibles de colaboración co resto de administracións galegas para facer efectivo o cumprimento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia'.

OITAVO.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a un maior desenvolvemento da 'Lei 2/2014, do 14 de abril, de Igualdade de Trato e Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais de Galicia', en colaboración co movemento asociativo e demais colectivos neste ámbito da Comunidade Autónoma, de cara a dotala de ferramentas e compromisos contra todo tipo de discriminación e violencia contra o colectivo.

NOVENO.- Instar ao Goberno central para que se inclúa e garantan o proceso da reasignación de sexo no catálogo de prestacións xerais da Seguridade Social e das lesbianas e mulleres bisexuais nos programas de reprodución asistida.

DÉCIMO.- Dado que se está a elaborar o borrador do Plan de Igualdade, contemplar un apartado no que se teñan en conta accións dirixidas ao colectivo LGTBI, con fin de favorecer a información, a atención ás vítimas de violencia en contra deste colectivo ou prevención, corrección e eliminación de calquera forma de discriminación cara este colectivo.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, á Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia e ao movemento asociativo LGTBI da zona.

13/128 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 191/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES NA AVENIDA DAS FONTIÑAS E NO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Municipal a redactar o proxecto e licitación das obras para a instalación dun ascensor que comunique a Avenida das Fontiñas coa rúa Ramón Montenegro.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal a que as obras de instalación do ascensor que comunique a Avenida Adolfo Suárez e o barrio do Sagrado Corazón se inicien de maneira inmediata.

14/129 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 193/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A INSTALACIÓN PROGRESIVA DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** estudar a posibilidade de instalar progresivamente desfibriladores semiautomáticos naqueles lugares onde se leva a cabo a práctica do deporte, e pouco a pouco ir aumentando a súa presenza ao conxunto dos espazos públicos, primando aqueles onde haxa maior concorrencia de persoas.

15/130 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 194/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RECTIFICADA NO PARÁGRAFO RESOLUTIVO 3 POLA NÚMERO 210/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á MELLORA DO SERVIZO DE OCIOTECA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Revisión e arranxo das instalacións da ocioteca do parque da Milagrosa, que presenta deficiencias como as anteriormente citadas, para que se subsanen antes da chegada dos meses de máis frío.

SEGUNDO.- Estudar a posibilidade de que no próximo prego de condicións para a adxudicación do contrato, o proxecto educativo que presenten as empresas sexa unha das variables que máis puntúe, podendo establecerse polo menos un mínimo necesario para que a oferta sexa considerada.

TERCEIRO.- Valorar, dependendo da demanda existente, a opción de abrir o centro de María Balteira en todos os períodos vacacionais, non só nos meses de verán, garantizando a estabilidade laboral dos seus empregados.

CUARTO.- Instar ao goberno local a que inicie o procedemento para a elaboración dunha Ordenanza Municipal que regule o funcionamento dos diferentes servizos de atención a infancia que presta o Concello para favorecer a conciliación.

16/131 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 207/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O MINISTERIO DE FOMENTO ACHEGUE UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA PARA O ARRANXO DOS PROBLEMAS DE SEGURIDADE VIARIA NOS ACCESOS Á ROLDA NORTE DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** solicitar ao Goberno do Estado a achega dunha partida orzamentaria, de modo urxente, dende o Ministerio de Fomento, para arranxar os problemas de seguridade viaria da

veciñanza e usuarios das estradas de acceso á Rolda Norte do Concello de Lugo, habilitando un sendeiro practicable para os peóns.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

17/132 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE MAIO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.-

Fóra da orde do día, e trala declaración de urxencia previa, trantaronse as seguintes mocións:

18/133 MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 209/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PUBLICACIÓN DO BALANCE ECONÓMICO INTEGRAL DO ARDE LUCUS.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Convocar dentro do vindeiro mes de xullo a Comisión Especial de Festas que inclúa na orde do día a presentación por parte da Concelleira de Cultura e Turismo do balance integral de ingresos e gastos do Arde Lucus, que inclúa, como mínimo, os custos pormenorizados da programación de todas e cada unha das 400 actividades e todas as contratacións feitas polo Concello, as cantidades aportadas por todas e cada unha das entidades patrocinadoras, os criterios para a concesión das subvencións ás asociacións culturais e veciñais e as cantidades concretas recibidas por todas e cada unha delas, o custo das viaxes de promoción turística do Arde Lucus e todas as accións publicitarias. Convocar esta mesma comisión con idéntico obxectivo anualmente despois da celebración do Arde Lucus.

SEGUNDO.- Publicar toda a información do devandito balance de ingresos e gastos do Arde Lucus, con toda a información solicitada para ser dada a coñecer na Comisión Especial de Festas, no Portal de Transparencia do Concello de Lugo, e facelo a partir desta ocasión anualmente tamén no prazo máximo dun mes despois da celebración desta festividade

TERCEIRO.- Proceder á creación e xuntanza dunha comisión organizadora para a festa do Arde Lucus na que teñan representación todos os grupos políticos que conforman a Corporación, ou ben a convocatoria específica e concreta da Comisión Especial de Festas para organizar, aportar ideas e informar de todo o relacionado co Arde Lucus.

19/134 MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 211/2016 DE



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap08

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-6-2016

REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO Á ASOCIACIÓN TERRAS DE LUGO (GDR4).- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** iniciar o correspondente procedemento administrativo para que o Concello de Lugo se adhira á asociación do GDR que máis beneficie ao rural do Concello de Lugo.

ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS:

A) DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 206/2016 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A SITUACIÓN EN QUE SE ATOPA O PROCESO DE CUBRIR AS PRAZAS VACANTES DO PARQUE DE BOMBEIROS.